

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

EXTRACTO da Orde do 19 de outubro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e as adiccións, orientados a minimizar o impacto que a pandemia pola COVID-19 ten na saúde mental da poboación galega (código de procedemento SA463I).

BDNS (Identif.): 529324.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán solicitar esta subvención as entidades do terceiro sector de acción social definidas no artigo 2 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social, e outras organizacións, sempre que cumpran os seguintes requisitos sinalados no punto 1 artigo 4 da orde.

Tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de organizacións sen personalidade xurídica nos termos sinalados no punto 2 do artigo 4.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria de axudas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e as adiccións, orientados a minimizar o impacto que a pandemia pola COVID-19 ten na saúde mental da poboación galega (código de procedemento SA463I).

O contido dos programas, que se desenvolverán durante o ano 2020 e 2021, deberán axustarse ás liñas de actuación indicadas no artigo 3 de esta orde, de conformidade coa tipoloxía de cada programa recollido no anexo I.



Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 19 de outubro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e as adicións, orientados a minimizar o impacto que a pandemia pola COVID-19 ten na saúde mental da poboación galega (código de procedemento SA463I).

Cuarto. Contía

A contía total das subvencións que se van a conceder é de 421.746,20 €, procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario, con cargo ao código de proxecto 201800005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. As aplicacións orzamentarias e os créditos de cada liña quedarán desagregadas do seguinte xeito:

– Liña I. Proxectos de investimento en melloras nos centros cuxa actividade principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais, psicosociais ou preventivos en materia de trastornos adictivos e trastornos mentais.

Importe: 155.940,66 €.

Aplicación orzamentaria: 50.01.413A.781.30.

– Liña II. Programas sociosanitarios de detección e intervención comunitaria de persoas en risco de presentar un trastorno mental, incluídos os trastornos adictivos.

Importe: 165.805,54 €.

Aplicación orzamentaria : 50.01.413A.481.30.

– Liña III. Programas para favorecer a empregabilidade e a incorporación sociolaboral de persoas con trastorno mental severo e adicións.

Importe: 100.000,00 €.

Aplicación orzamentaria: 50.01.413A.481.30.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Para poder ser beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que, a título exclusivamente informativo, figura como anexo da orde e que estará dispoñible tanto na guía de procedementos (<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos>) como na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) co código SA463I.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

